

A obra mestra descoñecida

Honoré de Balzac

Tradución de Teresa Grande Piñeiro



Honoré de Balzac

A OBRA MESTRA DESCOÑECIDA

Tradución de Teresa Grande Piñeiro

a un lord

I

GILLETTE

Cara á fin do ano 1612, nunha fría mañá de decembro, un home novo humildemente vestido, paseaba ante a porta dunha casa situada na rúa dos Grands-Augustins en París. Despois de estar un bastante tempo a camiñar por esta rúa coa indecisión dun amante que non ousa presentarse na casa da súa primeira querida, por doado que sexa, por fin atravesou o limiar da porta e preguntou se o mestre François Porbus estaba na casa. Trala resposta afirmativa que obtivo dunha anciá ocupada en varre-lo vestíbulo, o mozo subiu a modo as escaleiras deténdose de chanzo en chanzo, coma un novo cortesán, inqueda pola acollida que lle vai face-lo rei. Cando chegou ó alto da escaleira, permaneceu un momento no relanzo, indeciso a colle-lo chamador grotesco que adornaba a porta do obradoiro onde traballaba, sen dúbida, o pintor de Henrique IV, ó que María de Médicis substituíu por Rubens. O mozo sentía esa emoción profunda que debeu facer vibrar os corazóns dos grandes artistas cando, en plena xuventude e amor pola arte, se enfrontaron a un home de xenio ou a unha obra mestra. Existe en tódolos sentimentos humanos unha flor primitiva, xerada por un nobre entusiasmo que a cotío se vai enflecendo ata que a felicidade non é máis que unha lembranza e a gloria unha mentira. De entre estas emocións fráxiles, nada semella ó amor como a nova paixón dun artista que comeza o delicioso suplicio do seu destino de gloria e de desgracia, paixón chea de audacia e de timidez, de vagas crenzas e de desánimos certos. A quen, sendo adolescente de talento, con poucos cartos, non latexou intensamente ó se presentar ante un mestre, sempre lle faltará unha corda no corazón: quizais unha pincelada, un sentimento na obra ou certa expresión de poesía. Se algúns farfalláns, orgullosos de si mesmos, confían demasiado axiña no seu porvir, serán só xente de xenio para os necios. Segundo isto, o mozo descoñecido semellaba ter auténtico valor, se é que o talento pode medirse por esta timidez primeira, ou polo pudor indefinible que a xente entregada á gloria sabe perder exercendo a súa arte, como as fermosas mulleres perden o seu co manexo da coquetería. O costume do triunfo diminúe a dúbida, e o pudor é quizais unha dúbida.

Cheo de miseria e sorprendido nese momento de presunción, o pobre neófito non entraría nunca na casa do pintor ó que lle debémo-lo admirable retrato de Henrique IV, sen a axuda extraordinaria do azar. Un ancián subiu a escaleira. Pola singularidade do seu traxe, pola solemnidade da súa gola de encaixe, pola preponderante seguridade do seu paso, o mozo adiviñou neste personaxe o protector ou o amigo do pintor; botouse atrás no descanso da escaleira para facerlle sitio, e examinouno con curiosidade, agardando atopar nel a natureza dun artista ou o carácter servicial da xente que ama as artes; sen embargo percibiu algo de diabólico naquela figura e sobre todo un aquel que caracteriza ós artistas. Imaxínense un cranio calvo, unha fronte arqueada, prominente, saída e caendo sobre un pequeno nariz chato, recachado na punta, coma o de Rabelais ou o de Sócrates; unha boca riseira e engurrada, un queixelo curto, orgullosamente erguido, provisto dunha barba gris cortada en punta; os ollos verde mar embazados aparentemente pola idade, pero que polo contraste co branco anacarado no que flotaba a pupila, debían, por veces, lanzar miradas magnéticas de cólera ou de entusiasmo. O rostro, por outra banda, tíñao singularmente avellentado polo paso dos anos, pero aínda máis por eses pensamentos que afectan por igual á alma e ó corpo. Os ollos non tíñan pestanas, e case non se percibía rastro ningún das cellas nas súas arcadas saíntes. Poñede esta cabeza sobre un corpo delgado e feble, rodeádea dunha gola resplandecente de brancura, e traballada coma unha tea de araña, poñede sobre o xibón negro do ancián unha pesada cadea de ouro, e obteredes unha perfecta imaxe do personaxe ó que a luz tenue da escaleira lle daba aínda unha color fantástica. Diriades que se trataba dun lenzo de Rembrandt camiñando, silandeiramente e sen marco, na negra atmosfera propia deste gran pintor. O ancián dirixiulle ó mozo unha mirada chea de astucia, golpeou tres veces a porta e díxolle a un home valetudinario, duns corenta anos, que saíu abrir:

-Bos días, mestre.

Porbus inclinouse respectuosamente, deixou entrar tamén ó mozo crendo que acompañaba ó ancián e non se preocupou tanto por este coma polo estado no que permanecía o neófito, sometido ó encanto que deben experimentar os pintores natos ante o aspecto do primeiro obradoiro que ven e onde se revelan algúns procedementos materiais da arte. Unha claraboia aberta na bóveda iluminaba o obradoiro do mestre Porbus. Concentrado nun lenzo que penduraba no cabalete e que iniciara tan só con tres ou catro trazos brancos, a luz non chegaba ás negras profundidades dos ángulos desta vasta peza; pero algúns reflexos extraviados iluminaban nesta sombra arroibada un abelorio prateado no ventre dunha coiraza de *reitre**, suspendida na parede; rachaban cun intenso ronsel de luz a cornixa moldeada e lustrada dun antigo aparador cargado de curiosas vaixelas, e no que podían verse tamén a granulada trama dalgunhas vellas cortinas de brocado de ouro, a grandes pregues, postos alí como modelo. Esfolados de xeso, fragmentos de torsos de antigas deusas, amorosamente pulidos polo beixo dos séculos, cubrían os estantes e consolas. Numerosos esbozos, deseños a tres cores, a lapis ou a pluma, enchían as paredes ata o teito. Botes de pintura, botellas de aceite e de gasolina, banquetas boca arriba, non deixaban máis que un estreito camiño para chegar ata a auréola que proxectaba a alta vidreira da que caían os raios de pleno sobre a pálida figura de Porbus e sobre o cranio de marfil do curioso personaxe. Axiña se centrou a atención do mozo exclusivamente nun cadro que, naqueles tempos de disturbios e revolucións, chegara a ser xa célebre e que visitaban algúns daqueles teimudos ós que lles debémo-la conservación do lume sagrado durante os malos tempos. Aquela fermosa tea representaba a *María Exipciaca* dispoñéndose a paga-la pasaxe do barco. A obra mestra, destinada a María de Médicis, fora vendida por ela nos días de miseria.

-Gústame a túa santa -dixo o ancián a Porbus-, e pagaría por ela dez escudos de ouro sobre o prezo da raíña; pero facerlle a competencia a ela... ¡é o demo!

-¿Parécevos que está ben?

-¡Vaia! -dixo o ancián- ¿ben?... si e non. A túa boa muller non está mal trazada, pero non ten vida. Vós coidades que tedes todo feito cando debuxades correctamente unha figura e poñedes cada cousa no seu sitio, segundo as leis da anatomía. Coloreades este lineamento cun ton de carne conseguido anteriormente na vosa paleta coidando que obtedes un lado máis escuro có outro, e porque mirades de cando en cando unha muller núa de pé sobre unha mesa, xa credes copia-la natureza; imaxinades ser pintores e ter roubado o segredo de Deus... ¡Bah! ¡Para ser un gran poeta non abonda con coñecer a fondo a sintaxe e non cometer faltas de ortografía! ¡Mira a túa santa, Porbus! A primeira vista semella admirable, pero con máis detención un decátase de que está pegada ó fondo da tea e que non se pode rodea-lo seu corpo. Non é máis ca unha silueta que só ten un plano; ten a aparencia dun recorte, unha imaxe que non sabería volveuse nin cambiar de posición. Non sinto pasa-lo aire entre o seu brazo e a paisaxe do cadro; fáltalle o espacio e a profundidade; sen embargo, todo está ben con respecto á perspectiva, a degradación do aire foi perfectamente observada; pero, a pesar de tan loables esforzos, non podo crer que este fermoso corpo estea animado polo tépedo sopro da vida. ¡Paréceme que se levase a man a esta gorxa de tan firme redondez, había senti-lo frío do mármore! Non, amigo, o sangue non corre baixo esta pel de marfil, a existencia non enche co seu orballo de púrpura as veas e as fibras que se entrelazan en redes baixo a transparencia ambarina das súas sens e do seu peito. Este lado latexa, pero estoutro está inmóbil, a vida e a morte loitan en cada detalle: aquí é unha muller; alá unha estatua; máis lonxe, un cadáver. A túa creación está incompleta. Só lle puideches entregar unha porción da túa alma á túa querida obra. O facho de Prometeo apagouse máis dunha vez nas túas mans, e moitos puntos do teu cadro non resultaron tocados pola chama celestial.

-Pero, ¿por que, meu querido mestre? -díxolle respectuosamente Porbus ó ancián mentres o mozo se esforzaba en reprimir un forte desexo de baterlle.

-¡Ah! Velaí o porqué -dixo o cativo ancián-. Navegaches indeciso entre dous sistemas, entre o debuxo e a color, entre a calma minuciosa, a rixidez precisa dos vellos mestres alemáns e o acendido fervor, a feliz abundancia dos mestres italianos. Quixeches imitar, á vez, a Hans Holbein e a Tiziano, a Albrecht Dürer e a Pablo Veronese. ¡Abofé que era esta unha magnífica ambición! Pero ¿que sucedeu? Non conseguiches nin o severo encanto da sequidade, nin as decepcionantes maxias do claroscuro. Aquí, coma un bronce en fusión que rompe o seu fráxil molde, a rica color de ouro de Tiziano fixo estala-lo fino contorno de Albrecht Dürer onde o vertiches. Por outra parte, o trazado resistiu e contivo a magnífica abundancia da paleta veneciana. A túa figura nin está perfectamente debuxada, nin perfectamente pintada, e por todas partes se distinguen os trazos desa desafortunada indecisión. Se non te sentías bastante forte como para fundir xuntos no lume do teu xenio os dous métodos rivais, era preciso optar francamente por un ou outro, a fin de obte-la

unidade que semella unha das condicións da vida. Non hai verdade máis que polo centro, os teus contornos son falsos, non se desenvolven, e tras deles non se promete nada. Por aquí, sen embargo, si hai verdade -dixo o ancián amosando o peito da santa-. E tamén aquí -prosegiu, sinalando o punto onde, no cadro, remataba o ombreiro-. Pero alí -dixo volvendo ó centro da gorxa- todo é falso. E non analicemos nada máis, porque conseguiría desesperarte.

O ancián sentou nun tallo, termou da cabeza coas mans e ficou en silencio.

-Mestre -díxolle Porbus-, sen embargo estudiei a fondo o nó desta gorxa; e, desgraciadamente, hai verdades na natureza que non son probables na tea...

-¡A misión da arte non é copia-la natureza, é expresala! ¡Ti non es un simple copista, senón un poeta! -exclamou vivamente o ancián, interrompendo a Porbus cun xesto despótico-. ¡Do contrario, un escultor cumpriría co seu traballo baleirando unha muller! ¡Eh! Ben, pois intenta baleira-la man da túa amante, logo colócaa diante túa; atoparás un horrible cadáver sen semellanza, e veraste forzado a busca-lo cicel do home que, sen copiarcha exactamente, lle conceda o movemento e a vida. Debemos capta-lo espírito, a alma, a fisionomía das cousas e dos seres. ¡Os efectos!, ¡os efectos! que non son máis cós accidentes da vida e non a vida mesma. Unha man -xa que collín este exemplo-, unha man non só está unida ó corpo, tamén expresa e continúa unha idea que hai que comprender e reproducir. Nin o pintor, nin o poeta, nin o escultor, deben separa-lo efecto da causa que van, inevitablemente, un dentro do outro. ¡E velaí a verdadeira loita! Moitos pintores triúfan instintivamente sen coñecer este tema da arte. ¡Debuxades unha muller, pero non a vedes! Non é así como se chega a descubri-lo arcano da natureza. A vosa man reproduce, sen vos decatar, o modelo que copiastes co voso mestre. Non entrades abondo na intimidade da forma, non a perseguídes con paixón e perseveranza suficientes nos seus contornos e nas súas fuxidas. A beleza é algo severo e difícil que non se deixa capturar, por iso hai que agarda-lo seu momento, axexala, aburala e apreixala estreitamente para conseguir que se renda. A Forma é un Proteo ben máis difícil de coller e ben máis fértil en dobreces có Proteo da fábula, só despois de longos combates se pode obrigar a amosa-lo seu verdadeiro aspecto. ¡E vós! Vós que vos contentades coa primeira aparencia que se vos presenta, ou, como moito, coa segunda, ou coa terceira; non é así como actúan os loitadores victoriosos. Os pintores invencibles non se deixan enganar por fogos fatuos, perseveran ata que a natureza se lles mostra completamente núa e no seu verdadeiro espírito. Así procedeu Rafael -dixo o ancián levantando a gorra de veludo negro para expresa-lo respecto que lle inspiraba o rei da arte-, a súa superioridade procede do sentido íntimo que, nel, semella querer rompe-la Forma. A Forma é, nas súas figuras, o que é para nós un intérprete para comunicar ideas, sensacións, unha ampla poesía. Cada figura é un mundo, un retrato do que o seu modelo se nos apareceu nunha visión sublime, chea de luz, deseñado por unha voz interior, desposuído por unha man celestial que deixa ver, no pasado de toda unha vida, as fontes de expresión. Facéde-las vosas mulleres con fermosos vestidos de carne e con fermosos panos de cabelos, pero ¿u-lo sangue que xera a calma ou a paixón e que produce efectos particulares? A túa santa é unha muller morena, pero isto, meu pobre Porbus, é dunha loura. As túas figuras son, daquela, como pálidas pantasma de color que paseas diante dos nosos ollos, e ti chamas a isto pintura e arte. Porque fixeches algo que se parece máis a unha muller que a unha casa, pensas que acadáche-lo cume, e, sénteste orgulloso de non estares obrigado a escribir ó pé das túas figuras: "*currus venustus*", ou "*pulcher homus*", como facían os primeiros pintores; ¡tédesvos por maravillosos artistas! Pero non, aínda non o sodes, meus queridos compañeiros; faivos falta empregar moitos lapis, cubrir moitas teas antes de chegardes. Seguramente, unha muller leva a cabeza desta maneira, pon a saia daqueloutra, os seus ollos languidecen e fóndense con ese aire de resignada dozura, a sombra latexante das súas pestanas aboia así sobre as súas meixelas. É pero non é. ¿Que lle falta? Un nada, pero ese nada éo todo. Dáde-la aparencia da vida, pero non sabedes plasma-la canle por onde se desborda, un aquel que é tal vez a alma, que flota nebulosamente sobre a envoltura; en fin, esa flor de vida á que Tiziano e Rafael sorprenderon. Partindo do punto extremo ó que chegastes, poderíase facer, quizais, excelente pintura; pero cansades axiña. O vulgo admira, e o verdadeiro coñecedor sorrí. ¡Oh!, Mabuse, meu mestre -engadiu aquel singular personaxe- es un ladrón, marchaches levando contigo á vida. E neste sentido -seguíu- esta tea vale máis cás obras dese gañán de Rubens, coas súas moreas de carne flamenga, sazoadas de vermellón, coas súas ondas de cabelos louros, e a súa algarabía de cores. Polo menos ti tes color, sentimento e deseño, os tres elementos esenciais da pintura.

-Pero, meu señor, ¡esta santa é sublime! -exclamou enerxicamente o mozo, como saíndo dun profundo soño-. Estas dúas figuras, a da santa e maila do barqueiro, posúen unha finura de intención ignorada polos pintores italianos, e non sei de ningún deles que poida expresa-la indecisión do bateleiro.

-E este rapaz tan simpático, ¿vén con vostede? -preguntoulle Porbus ó ancián.

-¡Ai!, mestre, perdoe o meu atrevemento -respondeu o neófito ruborizándose-. Son un descoñecido, enzoufador instintivo, chegado non hai moito a esta vila, fonte de toda ciencia.

-¡Pois, mans á obra! -dixo Porbus, dándolle un lapis vermello e unha folla de papel.

O descoñecido copiou a *María* con áxiles trazos.

-¡Vaia! -exclamou o ancián-. ¿E ti como te chamas?

O mozo escribiu ó pé do bosquejo: "Nicolas Poussin".

-Velaí o tes, non está mal para un principiante -dixo o singular personaxe, tan falangueiro-. Vexo que se pode falar de pintura diante de ti. Non te culpo por admiráre-la santa de Porbus. É para todo o mundo unha obra mestra, e só os iniciados nos máis profundos arcanos da arte poden descubri-los seus pecados. Pero, xa que es digno da lección, e capaz de comprender, vouche facer ve-lo pouco que fai falta para completar esta obra. Mira e escoita con atención, que non se che presentará unha ocasión semellante para aprender. Colle a túa paleta, Porbus.

Porbus foi pola paleta e os pinceis. O vellíño remangouse con brusquidade e pasou o polgar pola espátula, chea de matices, que Porbus lle ofrecía; máis ben arrincoulla das mans cun mangado de pinceis de diferentes tamaños; entón a súa barba apuntada moveuse de súpeto, levada polo inquietante esforzo que expresaba o anhelos dunha amorosa fantasía. Mentres cargaba o seu pincel de cores, ía rosmando:

-Estes tons son bos para tirar con eles, xunto con quen os compuxo; son dunha indignante crueza e falsidade; ¿como se vai pintar con isto?

Logo mollou cunha febril vivacidade a punta do pincel nas diferentes cores, percorrendo, por veces, a gamma enteira máis á présa que un organista de catedral percorre o seu teclado ó son do *O Filii* por Pascua.

Porbus e Poussin mantíñanse inmóbiles a cadanseu lado do lenzo, sumidos na máis afervoadada contemplación.

-¿Ves, rapaz? -dixo o ancián sen volverse-, ¿ves como con tres ou catro pinceladas e cun pouco de veladura azulada podemos conseguir que corra o aire arredor da cabeza desta pobre santa, afogada e apreixada naquela densa atmosfera? ¡Mira como agora o lenzo ondea, e o ben que se entende que a brisa o levante! Antes semellaba amidonado, como prendido con alfinetes. Fíxate cómo o brillo satinado que acabo de poñer sobre o seu peito lle dá a axilidade propia da pel dunha moza, e cómo a mestura da color vermella escura e da ocre calcinada reaviva a fría gris desta gran sombra onde o sangue parece coagular no canto de circular polas veas.

"¡Ai, rapaz, rapaz!, que o que eu che estou a ensinar non o has aprender con ningún mestre. Tan só Mabuse posuía o segredo para darlles vida ás súas figuras. E Mabuse só tivo un alumno que fun eu. Eu non os tiven, e xa son moi vello. Así que, es bastante intelixente para adiviñar a onde quero chegar.

Mentres falaba, o ancián, retocaba o cadro por todas partes: aquí dúas pinceladas, alí unha; sempre tan apropiadas que parecía tratarse dunha nova pintura, unha pintura bañada de luz. Traballaba con tal afervoadado entusiasmo que a suor comezou a pingarlle pola despoboada fronte; movíase rapidamente con pequenos movementos, tan impacientes, tan bruscos, que, ó mozo Poussin parecíalle que habitara no corpo deste estraño personaxe un diaño que dominaba extraordinariamente as mans do home, mesmo contra a súa propia vontade. O brillo sobrenatural dos ollos, as convulsións que parecían o resultado dunha resistencia, transformaban aquela idea en tal verdade que, sen dúbida, influirían nunha imaxinación tan nova. O vello ía dicindo:

-¡Paf, paf, paf! ¡así é como hai que empapalo, rapaz! ¡Achégate e repara cómo os meus pequenos toques conseguen acender este ton glacial! ¡Veña! ¡Pon, pon, pon! -dicía reanimando as partes onde el sinalara certa ausencia de vida, facendo desaparecer con capas de color as diferencias de temperamento, e restablecendo a unidade de ton que esixía unha ardente exipcia.

-¿Ves, mozo? Sobre todo conta a última pincelada. Porbus deu un cento delas; eu, sen embargo, só dei

unha. Ninguén saberá nada do que hai debaixo. ¡Apréndeo ben!

Por fin, o díaño parou, e volvéndose cara a Porbus e Poussin, que quedaran sen fala, admirándoo, díxolles:

-Aínda isto non vale o que vale a miña *Bela Quimera*, sen embargo poría o meu nome ó pé de semellante obra. Si, asinaríaa -engadiu levantándose para coller un espello no que observala-. Agora imos xantar. Vide os dous á miña casa. Teño bo xamón e bo viño. ¡Vaia, vaia! ¡Que poidamos falar de pintura malia os tempos que corren...! ¡Cómpre facelo! Velaquí un mozo -engadiu batendo no ombreiro de Nicolas Poussin- que ten facilidade para iso.

Entón, decatándose da ruín casaca do normando, tirou do seu cinto unha bolsa de pel, buscou nela e colleu dúas moedas de ouro; mostrándollas dixo:

-Cómproche o debuxo.

-Cólleas -díxolle Porbus a Poussin, vendo cómo se estremecía e ruborizaba pola vergonza; porque, aínda que aprendiz, o mozo, posuía o orgullo do pobre-. ¡Cólleas, veñal! Que co que ten na súa faldriqueira podería liberar a dous reis.

Os tres descenderon do obradoiro e camiñaron conversando sobre as artes, ata que chegaron a unha fermosa casa de madeira, situada preto da ponte de Saint-Michel; os adornos, o chamador, os marcos das fiestras e os arabescos da fachada, marabillaron a Poussin. O aspirante a pintor atopouse de súpeto nunha sala ante un bo lume, preto dunha mesa chea de apetitosos manxares, e, gracias á increíble fortuna, en compañía de dous grandes artistas cheos de xenerosidade.

-Mozo -díxolle Porbus ó velo ensimesmado ante un cadro-, non examines demasiado este lenzo porque te desesperarías.

Tratábase do *Adán* que fixera Mabuse para poder saír do cárcere no que estivera encerrado durante moito tempo polos seus acredores. Aquela figura ofrecía, en efecto, tal veracidade, que Nicolas Poussin comezou a comprender, a partir daquel momento, o verdadeiro sentido das confusas palabras pronunciadas polo ancián. Este observaba o cadro con aire de satisfacción, pero sen entusiasmo, como querendo dicir: ¡Eu podo facelo mellor!

-Aquí hai vida -dixo-, o meu pobre mestre superouse nesta obra; sen embargo, aínda falta un algo de verdade no fondo do cadro. O home ten vida; érguese e diríxese cara a nós. Pero o aire, o ceo, o vento que respiramos, vemos e sentimos, non a teñen. ¡Ademais, o que aí hai é só un home! E o primeiro home que acaba de saír directamente das mans de Deus, debería ter algo de divino que lle falta. O mesmo Mabuse recoñecía, con certo resentimento, cando non estaba bébedo.

Poussin miraba alternativamente ó ancián e a Porbus cunha inquieta curiosidade. Achegouse a este último como para pedirlle o nome do seu convidado; pero o pintor puxo un dedo nos beizos cun aire misterioso, entón o mozo, moi interesado, calou a boca, esperando que antes ou despois, algunha palabra lle permitise adiviña-lo nome daquel home de riqueza e talento abondo probados polo respecto que Porbus lle demostraba, e polas marabillas amoredadas naquela sala.

Poussin, vendo na sombra da carpintería de carballo da casa un magnífico retrato de muller, exclamou:

-¡Que fermoso Giorgione!

-¡Non! -respondeu o vello- estás vendo os meus primeiros borranchos.

-¡Vállame Deus!, logo estou na casa do deus da pintura -dixo Poussin inxenuamente.

O ancián sorriu, afeito dende había tempo a ese tipo de eloxios.

-¡Mestre Frenhofer! -dixo Porbus-, ¿non poderíades facer que traian un pouco do voso excelente viño do Rhin para min?

-¡Que sexan dous bocois! -respondeu o vello-. Un como pago do pracer que me proporcionaches esta mañá permitíndome contempla-la túa preciosa pecadora, e o outro como un agasallo de amizade.

-¡Ah!, se eu non estivese sempre doente -dixo Porbus- e se me deixasedes observa-la vosa *Bela Quimera*, tal vez podería crear algún cadro de grandes dimensións, con figuras de tamaño natural.

-¡Que che deixe ve-la miña obra! -exclamou o ancián todo emocionado-. ¡Non!, aínda teño moito que perfeccionar. Onte, cara á tardiña -dixo- pensei tela rematada. Os seus ollos semellábanme húmidos, a pel latexante; as trenzas dos seus cabelos axitábanse. ¡Respiraba! Aínda que atopase a maneira de crear sobre unha tea lisa o relevo e os contornos da natureza, esta mañá, co día, tiveron que recoñece-lo meu erro. ¡Ah! Para chegar a este glorioso resultado estudei a fondo os grandes mestres da color, levantei e analiceí capa por capa os cadros do Tiziano, ese rei da luz; coma ese pintor soberano, esbocei a miña figura nun ton claro cunha pasta suave e graxenta, porque a sombra non é máis que un accidente, non o esquezas, rapaz. Despois volví sobre a miña obra e, empregando medios tons e veladuras dos que fun diminuindo a transparencia, conseguín torna-las sombras máis vigorosas ata chegar ó negro máis profundo, pois as sombras dos pintores correntes son dunha natureza diferente á dos seus tons máis claros; pode ser madeira, pode ser bronce, pode ser todo o que queirades, agás carne na sombra. Un sente que se a súa figura cambiase de posición, as partes sombreadas non se aclararían nin se iluminarían. Eu evitei este defecto no que caeron moitos dos máis ilustres pintores, ¡consequín que a brancura se manifeste baixo a opacidade da sombra máis intensa! Eu non marquei simplemente os bordos exteriores da miña figura, nin resaltei o máis mínimo detalle anatómico, como fai esa grea de ignorantes que cren debuxar correctamente só porque saben facer un trazo limpo; o corpo humano non remata nas liñas.

"Nisto os escultores achéganse máis á verdade ca nós. A natureza leva consigo unha serie de formas que envolven unhas ás outras. Falando con rigor, ¡o debuxo non existe!, ¡non rías, rapaz! Aínda que che pareza curioso o que digo, algún día entendera-las razóns que me levan a falar así. A liña é o medio polo que o home se decata do efecto da luz sobre os obxectos; pero non existen liñas na natureza onde todo é pleno: é ó modelar cando un debuxa, é dicir, cando se separan as cousas do medio ó que pertencen, o que dá aparencia ó corpo é só a distribución da luz. Por iso non me detiven na delineación, espallei sobre as formas unha nube de medios tons louros e cálidos que fai imposible sinala-lo lugar exacto en que os contornos se atopan co fondo. De cerca, este traballo semella algodónoso e falto de precisión; pero a dous pasos, todo se reafirma, defínese e destaca; o corpo vira, as formas sobresaen, séntese o aire correr todo ó redor. Así e todo, aínda non estou satisfeito, teño dúbidas. Quizais cumpriría non debuxar ningún trazo, sendo mellor aborda-la figura polo centro, entregándose primeiro ás partes máis iluminadas, para pasar de seguido ás máis escuras. ¿Non é así como procede o sol, ese divino pintor do Universo? ¡Ai! ¡natureza! ¿quen te puido perseguir nas túas fuxidas? Sabede que a excesiva ciencia, igual cá ignorancia, leva a unha negación. ¡Eu dubido da miña obra!

O ancián fixo unha pausa e logo continuou:

-Velaí marcharon dez anos do meu traballo, rapaz; pero ¿que son dez miserables anos cando se trata de loitar contra a natureza? Ignorámo-lo tempo que empregou o señor Pigmalion en face-la única estatua que camiñou.

O ancián caeu nunha profunda meditación, e ficou coa mirada fixa, xogando mecanicamente co seu coitelo.

-Mira, anda en conversacións co seu espírito -dixo Porbus en voz baixa.

Ante estas palabras, Nicolas Poussin sentiu unha forte e inexplicable curiosidade de artista. Aquel ancián de ollos claros, cordial e absurdo, convertérase para el, en algo máis que un home, aparecéuselle como un xenio caprichoso que vivía nunha esfera descoñecida. Espertáballe mil ideas confusas na alma. O fenómeno moral desta especie de fascinación é imposible de definir, como non se pode traduci-la emoción que suscita no corazón do exiliado un canto que lle lembra a patria. Todo naquel vello parecía ir máis alá dos límites da natureza humana: o menosprezo que aparentaba expresar cara ás máis fermosas tentativas da arte, a súa riqueza, os seus modais, a deferencia que Porbus lle manifestaba, aquela obra mantida tanto tempo en segredo, obra que esixira paciencia e xenio, sen dúbida, a vulgar pola sincera admiración que a cabeza da Virxe espertara no mozo Poussin, aínda achegándose en fermosura ó *Adán* de Mabuse, testemuñaba o facer imperial dun dos príncipes da arte. O que a rica imaxinación de Nicolas Poussin puido captar de claro e perceptible, contemplando aquel ser sobrenatural, foi unha completa imaxe da natureza artista, desa natureza tola á que se lle confiou tanto poder, e da que tan a miúdo se abusa chegando entón á fría razón, ós burgueses e mesmo a algúns amantes da arte que han atravesar múltiples camiños pedregosos

intransitables, polo menos para eles; e logo non hai nada; mentres que enredando nas súas fantasías, esta moza de ás brancas descobre epopeas, castelos, e obras de arte. ¡Natureza burlona e bondadosa, fecunda e pobre! Así, para o entusiasta Poussin, aquel ancián convertérase, por unha súbita transfiguración, na mesma Arte, cos seus segredos, os seus afáns, e os seus soños.

-Si, meu querido Porbus -proseguiu Frenhofer-, só me faltou ata o de agora encontrar unha muller perfecta, cun corpo de fermosas curvas, e cunha pel... Pero ¿onde atopala? -dixo interrompéndose-, esta inencontrable Venus dos antigos, tan a miúdo buscada, e da que tan só atopamos algunhas belezas espaxeadas. ¡E eu! que para ver un momento, unha soa vez a natureza divina, plena, ou sexa, o ideal, daría toda a miña fortuna...; ¡pero iríate buscar ó limbo, beleza celestial! Coma Orfeo, descendería ó inferno da arte para restablece-la vida.

-Podemos marchar de aquí -díxolle Porbus a Poussin-, porque el nin nos oe, nin nos ve. -Pois logo, vaiamos ó seu obradoiro -dixo o mozo entusiasmado. -¡Non!, o vello *reître* soubo defende-la entrada. Os seus tesouros están demasiado ben gardados como para que poidamos chegar alí. Non agardei a túa opinión e a túa fantasía para intenta-lo asalto do misterio. -¿E logo hai un misterio? -Si -respondeu Porbus-. O vello Frenhofer é o único alumno que Mabuse quixo ter. Convertido no seu amigo, no seu salvador, no seu pai, Frenhofer sacrificou a maior parte das súas riquezas en satisfice-las paixóns de Mabuse; a cambio, Mabuse legoulle o segredo do relevo, o poder de darlle ás figuras aquela extraordinaria vida, aquela flor da natureza, o que é a nosa eterna desesperación, pero do que el posuía o seu "facer" de tal xeito, que un día, tendo xa vendido e bebido o damasco floreado co que debía vestirse para a entrada de Carlos V, acompañou ó seu mestre cun vestido de papel pintado ó xeito do damasco. O brillo singular do tecido levado por Mabuse sorprendeu ó emperador, quen, desexando cumprimentar ó protector do vello borracho, descubriu o engano. Frenhofer é un home apaixonado pola nosa arte, que ve máis alto e máis lonxe cós outros pintores. Meditou profundamente sobre as cores, sobre a verdade absoluta da liña; pero, á forza de buscar, chegou a dudar do obxecto mesmo da súa procura. Nos seus momentos de desesperación, afirma que non existe o debuxo, e que cos trazos non se pode facer máis que figuras xeométricas; algo que se afasta da verdade, pois co trazo e co negro, que non é unha color, pódese facer unha figura; o que proba que a nosa arte, como a natureza, está composta dunha infinidade de elementos: o debuxo dá un esqueleto, a color é a vida, pero a vida sen o esqueleto é máis incompleto có esqueleto sen a vida. En definitiva, hai unha verdade maior que se impón a todo isto: que a práctica e a observación sono todo para un pintor, e que se a razón e a poesía se querelan cos pinceis, chégase á dúbida, como este bo home, que ten tanto de tolo coma de pintor. Pintor sublime que tivo a desgracia de nacer rico, o que lle permitiu divagar, ¡non se che ocorra imitalo! ¡Traballa! Os pintores só deben meditar cos pinceis na man.

-¡Entraremos alí! -exclamou Poussin, sen escoitar máis a Porbus e sen vacilar.

Porbus sorriu ante o entusiasmo do mozo descoñecido, e despediuse, convidándoo a visitalo.

Nicolas Poussin regresou con paso lento á rúa da Harpe; deixou atrás, sen se decatarse a modesta pousada onde se albergaba. Subindo cunha inquieta prontitude a miserable escaleira, chegou a un cuarto alto, situada baixo o teito coma un pombal, sinxela e lixeira cobertura das casas do vello París. Preto da única e sombría fiestra do cuarto, viu unha moza que, co ruído da porta, ergueuse de súpeto por un impulso amoroso; recoñecera ó pintor polo xeito de abri-lo ferrollo.

-¿Que tes? -díxolle ela. -Pois que eu... que eu... -exclamou, abafado de felicidade- ¡que por fin me sentín pintor! Ata agora sempre dudara de min, pero esta mañá puíden crer en min mesmo. ¡Podo chegar a ser un grande home! ¡Gillette, seremos ricos, felices! Hai ouro nestes pinceis.

De socato calou. A súa face grave e rigorosa perdeu a expresión de alegría cando comparou a grandeza das súas esperanzas coa mediocridade dos seus recursos. As paredes estaban todas cubertas con papeis cheos de bosquejos a lapis. Non posuía máis que catro teas propias. As cores tiñan, daquela, elevados prezos, e o pobre cabaleiro vía a súa paleta case baleira. No medio daquela misería, posuía e sentía increíbles riquezas na alma, e a abundancia dun xenio devorador. Levado a París por un cabaleiro amigo seu, ou tal vez polo seu propio talento, encontrara axiña unha amante, unha daquelas almas nobres e xenerosas dispostas a sufrir a carón dun grande home, adaptándose ás miserías e esforzándose por comprende-los seus caprichos; forte para a misería e o amor, como outras son intrépidas para leva-lo luxo ou para se gabaren da propia insensibilidade. O sorriso errante dos beizos de Gillette douraba aquel faiado e rivalizaba co resplandor do ceo. Non lucía tódolos días o sol; sen embargo, ela sempre estaba alí, recollida na súa paixón, aferrada á súa felicidade, ós seus sufrimentos, consolando ó xenio que se desbordaba no amor antes de mergullarse na arte.

-Escoita, Gillette, achégate.

A rapaza, obediente e alegre, saltou sobre os xeonllos do pintor. Nela todo era gracia, todo beleza, era leda coma a primavera, enfeitada con tódalas riquezas femininas alumeadas coa luz duna alma boa.

-¡Ai, Deus! -exclamou el-, nunca me atrevería a dicirche...

-¿Un segredo? -dixo ela-, quero sabelo.

Poussin ficou pensativo.

-Fala logo.

-Gillette... ¡o meu pobriño corazón amado!...

-¡Xa! ¿queres algo de min, non?

-Si.

-Pois se o que queres é que pose outra vez ante ti coma o outro día -proseguiu ela amolada-, non o consentirei xamais, porque nestes momentos os teus ollos non me din nada. Non estás pensando en min, aínda que me esteas mirando...

-¿Preferirías verme copiando a outra muller?

-Tal vez -dixo ela-, se fose ben fea.

-Vale -continuou Poussin cun ton serio-, ¿e se para a miña gloria futura, se para chegar a ser un gran pintor, tiveses que posar para outro?...

-¿Quéresme probar? -dixo ela-. Sabes ben que non o faría.

Poussin inclinou a cabeza sobre o peito, como home que sucumbe a unha alegría ou a unha dolor demasiado intensa para a súa alma.

-Escoita -dixo ela tirándolle a Poussin pola manga do seu luído xibón-, díxenche, Nick, que daría a miña vida por ti, pero nunca che prometín que renunciaría ó teu amor polo menos mentres eu viva.

-¿Renunciar? -exclamou Poussin.

-Se me ofrecese, como dis, a outro home, non me amarías. Eu mesma me consideraría indigna de ti. Obedece-los teus caprichos ¿non é algo natural e sinxelo? Ó meu pesar, síntome feliz, e mesmo orgullosa de cumprila túa santa vontade. Pero para outro ¡iso nunca!

-Perdoa, miña Gillette -dixo o pintor caendo de xeonllos-. Prefiro ser amado que ser glorioso. Para min, ti es máis fermosa cá fortuna e os honores. Veña, quinda os meus pinceis, queima estes bosquexos. Enganeime. A miña vocación é a de amante. Non son un pintor, son un namorado... ¡Fenezan a arte e tódolos seus segredos!

Ela admirábao, feliz, encantada. Reinaba; sentía instintivamente que a arte quedaba relegada ante ela, quindada ós seus pés coma un gran de incenso.

-Con todo, non é máis ca un ancián -engadiu Poussin-. Só vería en ti a muller que es. ¡É que es tan perfecta!

-Cómpre amar moito -dixo ela disposta a sacrifica-los seus escrúpulos amorosos para recompensar ó seu amante por tódolos sacrificios-. Pero -continuou-, iso significará perderme. ¡Ai! ¡perderme por ti! Si, é bonito, pero ¡esquecerasme! ¡Seino! ¡Que mala idea tiveches!

-Pois tívena e aínda así ámote -dixo el con certo pesar-. Son, daquela, un ruín.

-Consultémolo co pai Hardouin -dixo ela.

-¡Non! Que sexa un segredo entre nós dous

. -Ben, eu irei; pero ti non pases -dixo ela-. Quedas na porta coa túa daga; se berro, entras e matas ó pintor.

Poussin apreixou a Gillette nos brazos, incapaz de ver máis aló da súa arte.

-Xa non me ama -pensou Gillette en canto quedou soa.

Arrepentíase xa da súa decisión. Pero axiña foi presa dun terror máis cruel có seu arrepentimento, esforzouse por reter un espantoso pensamento que se lle ía configurando no corazón. Cría que xa amaba menos ó pintor, considerándoo menos digno de estima ca antes.

II

CATARINA LESCAULT

Tres meses despois do encontro de Poussin e Porbus, este foi ver ó mestre Frenhofer. O ancián atopábase, daquela, preso dun deses desánimos profundos e espontáneos que teñen a súa causa, se se pode crer nos matemáticos da medicina, nunha mala dixestión, no vento, na calor ou nalgunha inflamación dos hipocondrios; aínda que segundo os espiritualistas, a causa está na imperfección da nosa natureza moral. O homiño estaba pura e simplemente fatigado por intentar remata-lo seu misterioso cadro. Languidecía sentado nunha ampla butaca de madeira de carballo tallada, provista de coiro negro; e sen abandona-la súa actitude melancólica, lanzoulle a Porbus a mirada dun home instalado no seu tedio.

-E ben, mestre -díxolle Porbus-, ¿o lapislázuli que fostes buscar a Bruxas parecevos ruín?, ¿acaso non soubestes pulveriza-la nosa color branca?, ¿é que o voso aceite é malo ou é que os pinceis son remisos?

-¡Cala! -exclamou o ancián- que por un momento crin que a miña obra estaba acabada; pero enganeime nalgúns detalles, e non quedarei tranquilo ata que aclare as miñas dúbidas. Estou decidido a viaxar; vou ir a Turquía, Grecia, Asia, en procura dun modelo para poder compara-lo meu cadro con distintas naturezas. Quizais teña alá arriba -continuou deixando escapar un sorriso de satisfacción- a natureza mesma. Ás veces, case sinto medo de que un sopro de inspiración me desvele esa muller e logo desapareza.

Despois, de súpeto, ergueuse como para marchar.

-¡Vaia! -respondeu Porbus-, pois eu vin precisamente para aforrárvo-lo consumo e as fatigas da viaxe.

-¿Que queres dicir? -preguntou Frenhofer abraiado.

-O mozo Poussin é amado por unha muller dunha beleza incomparable, sen imperfección ningunha. Pero, meu querido mestre, se el consente en cedérvola, polo menos teredes que nos deixar ve-lo voso lenzo.

O ancián ficou de pé, inmóbil, nun estado de perfecta estupidez.

-¡Que! -exclamou por fin dolorosamente- ¿amosa-la miña criatura, a miña esposa?, ¿racha-lo veo baixo o que, constantemente, agachei a miña felicidade? ¡Pero iso sería unha horrible prostitución! Hai dez anos que vivo con esa muller, é miña, só miña, ela ámame. ¿Acaso non me sorría con cada pincelada que eu lle daba?; ten unha alma, a alma que eu lle dei. Ruborizábase se a fitasen outros ollos que non fosen os meus. ¡Deixar que a vexan! ¿Pero que marido, que amante tan ruín conduciría á súa muller cara á deshonra? Cando pintas un cadro para a Corte, non pos nel a túa alma, non lles vendes ós cortesáns máis que bonecos de diferentes cores. ¡A miña pintura, en cambio, non é só pintura, é un sentimento, unha paixón! Nacida no meu obradoiro, debe seguir virxe, e só pode saír vestida. ¡A poesía e as mulleres só se entregan núas ós seus amantes! ¿E logo posuímo-las modelos de Rafael, de Angélico, do Ariosto, a Beatriz de Dante? ¡A que non! Delas só vémo-las formas. Pois ben, a obra que teño arriba baixo ferrollo é unha excepción na nosa arte. ¡Non se trata dunha tea, é unha muller! Unha muller coa que río, choro, falo e penso. ¿Queres que nun

momento me desprenda da felicidade de dez anos coma quen quita o abrigo; que de golpe deixe de ser pai, amante e Deus? Esta muller non é unha criatura, ¡é unha creación! En que veña o teu rapaz, entregareille os meus tesouros, os cadros de Corregio, de Miguel Ángel, de Tiziano, bicarei as súas pegadas no pó; pero, ¿convertelo no meu rival? ¡que vergonza!, aínda son máis amante ca pintor. Si, terei forzas, no meu último alento, para queima-la miña *Bela Quimera*; pero facerlle soporta-la mirada dun home, dun mozo, dun pintor, ¡iso non! ¡Mataría ó día seguinte a aquel que a luxase cunha mirada! ¡Mataríate a ti no momento, a ti, meu amigo, se non a saudases axeonllándote ante ela! ¿Queres agora que someta o meu ídolo ás frías miradas e ás estúpidas críticas dos imbéciles? ¡Ai, fillo!, o amor é un misterio, só hai vida no fondo dos corazóns, e todo está perdido cando un home lle di, aínda que sexa ó seu amigo:

-¡Velaí a muller que amo!

Parecía que o ancián volvera ser novo; os seus ollos tiñan o brillo da vida: as súas pálidas meixelas acendéranse cun encarnado intenso, e as súas mans tremían. Porbus, sorprendido pola violencia apaixonada coa que pronunciara as súas palabras, non sabía qué responder a un sentimento tan novo e tan profundo. ¿Era Frenhofer razoable ou estaba tolo? ¿Encontrábase sometido a unha fantasía de artista, ou as ideas que expresara procedían daquel inexplicable fanatismo que produce o longo parto dunha grande obra? ¿Podía agardarse que transixise algunha vez con aquela estraña paixón?

Preso de todos estes pensamentos, Porbus díxolle ó ancián:

-¿Pero non se trata de cambiar unha muller por outra? ¿Acaso Poussin non lle entrega a súa amante á vosa mirada?

-¿Unha amante? -dixo Frenhofer-. Unha amante que, antes ou despois, acabará por traizoalo. A miña, sen embargo, sempre me ha ser fiel.

-Ben -proseguiu Porbus-, non falemos máis disto. Pero eu dígovos que antes de que deades, mesmo en Asia, cunha muller tan fermosa, tan perfecta como é a que vos estou a falar, tal vez morreredes sen rematalo cadro.

-¡Pero se xa está rematado! -dixo Frenhofer-. Quen a vexa, creará distinguir unha muller deitada nunha cama de veludo, baixo un dosel. Ó seu carón, un trípode de ouro exhala perfumes. Estarías tentado de colle-la borla dos cordóns que suxeitan as cortinas, e pareceríache ve-lo peito de Catherine Lescault, unha fermosa cortesá coñecida como *Bela Quimera*, reproducindo os movementos da súa respiración. Non obstante, quixera estar ben seguro...

-Marchade, pois a Asia -díxolle Porbus, percibindo unha especie de vacilación na mirada de Frenhofer.

E Porbus deu algúns pasos cara á porta da sala.

Nese momento, Gillette e Nicolas Poussin chegaran moi cerca da casa onde vivía Frenhofer. Cando a rapaza estaba a piques de entrar nela, deixou o brazo do pintor e recuou como collida por algún repentino presentimento.

-¿Pero que veño eu facer aquí? -preguntoulle ó seu amante, cun ton de voz profundo e fitándoo.

-Gillette, permitín que fóse-la miña amante e voute obedecer en todo. Ti e-la miña conciencia e a miña gloria. Volvamos á casa, quizais sexa máis feliz se ti...

-¿Estás a falar comigo? ¡Non! Estoume comportando como unha nena. Vamos -engadiu, parecendo que facía un tremendo esforzo-. Se o noso amor perece e se apodera do meu corazón unha gran pena, ¿non sería a túa sona o prezo da miña obediencia ós teus desexos? Entremos; iso suporá seguir vivindo e prefíroo a limitarme a ser sempre só unha lembranza na túa paleta.

Ó abriren a porta da casa, os dous amantes atopáronse con Porbus que, abraiado pola beleza de Gillette, nese momento cos ollos cheos de bágoas, colleuna trememente como estaba e levouna ante o ancián:

-Mirade -díxolle-. ¿Non vale tódalas obras mestras do mundo?

Frenhofer estremeceu. Gillette estaba alí, cunha actitude inxenua e sinxela, propia dunha rapaza xeorxiana, inocente e atemorizada, como raptada e presentada por uns bandoleiros a un mercador de escravos. Un púdico rubor coloreaba a súa face, baixou os ollos, as mans pendurábanlle nos lados, parecía que a abandonaran que as forzas, e as bágoas protestaban contra a violencia cometida co seu pudor. Naquel momento, Poussin, desesperado por deixar saír aquel tesouro do faiado, maldizouse. Volveu ser máis amante ca artista, e atormentáronlle mil escrúpulos o corazón cando viu a mirada xovial do ancián, que, segundo o costume de todo pintor, espiu, por así dicilo, aquela fermosa rapaza, adiviñando as súas máis secretas formas. Sentiu, entón, os feroces celos do verdadeiro amor.

-¡Vámonos, Gillette! -berrou. E, co tal berro, a amante, satisfeita, levantou os ollos cara a el, mirouno e correu ós seus brazos.

-¡Logo ti ámasme! -respondeu ela desfacéndose en bágoas.

Tivera a enerxía para cala-lo seu sufrimento, pero faltáronlle as forzas para agocha-la súa felicidade.

-Déixama só un momento -dixo o vello pintor- e poderás comparala coa miña *Catarina*... Si, o que oíches, estou decidido a que a vexas.

Aínda había amor naquela exclamación de Frenhofer. Parecía estar satisfeito da súa forma de muller, e parecía gozar por adiantado do triunfo que lle había achega-la beleza da súa virxe sobre a dunha rapaza auténtica.

-¡Que non se desdiga! -exclamou Porbus, batendo suavemente no ombreiro de Poussin-. Os froitos do amor axiña desaparecen, os da arte son inmortais.

-¿Daquela, eu para el -dixo Gillette fitando a Poussin e a Porbus- non son máis ca unha modelo?

Ergueu a cabeza con orgullo; pero, despois de botarlle unha ollada escintilante a Frenhofer, viu o seu amante entregado a contemplar de novo o retrato que tempo atrás tomara por un Giorgione.

-¡Veña, subamos! -dixo ela-. Nunca me miraran así.

-¿Óesme vello? -dixo Poussin, saíndo da súa meditación pola voz de Gillette-. ¿Ves esta espada?, pois afundireina no teu corazón á primeira queixa que escoite desta moza, queimarei a túa casa, e ninguén sairá dela. ¿Enténdesme?

Nicolas Poussin foi rotundo, e a súa palabra caeu pesadamente sobre os presentes. Esa actitude e sobre todo o xesto do mozo pintor, consolaron a Gillette, que case lle perdoou o feito de que a sacrificase á pintura e ó seu glorioso futuro. Porbus e Poussin ficaron na porta do obradoiro mirándose un ó outro en silencio. Ó principio, o pintor da *María Exipciaca* permitíase algún comentario como: "¡Ah! estase espindo", "e el dille que se achegue á luz"; "agora a está comparando". Pero axiña calou, vendo a expresión de Poussin, pois ofrecía un rostro profundamente triste; e aínda que os vellos pintores non teñan escrúpulos tan miúdos en presenza da arte, el admirouno pola súa inxenuidade e o seu entusiasmo. O mozo mantiña a man sobre a empuñadura da súa daga e a orella case apegada contra a porta. Ámbolos dous, de pé e na sombra, recordaban a dous conspiradores agardando a hora de matar a un tirano.

-¡Pasade, pasade! -díxolle-lo ancián, radiante de felicidade-. A miña obra é perfecta, e agora podo mostrala con orgullo. Nunca haberá pintor, pinceis, cores, lenzo ou luz que poidan rivalizar coa *Catarina Lescault*, a cortesá.

Presos dunha viva curiosidade, Porbus e Poussin entraron nun amplo obradoiro de pintor cuberto de po, onde todo estaba en desorde, aquí e alí cadros pendurados das paredes. Primeiro detivéronse ante unha figura de muller de tamaño natural, medio espida, e pola que sentiron unha profunda admiración.

-¡Bah! Deixade xa iso -dixo Frenhofer-. É unha tea que esborranchei para estudar unha pose, pero non vale nada. Estes son os meus erros -proseguiu mostrándolles unha serie de encantadoras composicións penduradas nas paredes ó redor deles.

Ó escoitalo, Porbus e Poussin, asombrados polo seu desdén ante tales obras de arte, buscaron o retrato anunciado sen conseguiren velo.

-¡Ben! ¡Velaí o tedes! -díxolles o ancián co pelo revolto, o rostro inchado por unha excitación sobrenatural, os ollos faiscantes, e arfando coma un mozo bébedo de amor-. ¡Ah! -exclamou-. Seguro que non agardabades semellante perfección. Estadés diante dunha muller e buscadeis un cadro. Hai tanta profundidade nesta tea, o aire é tan auténtico, que non podedes distinguilo do aire que nos envolve. ¿U-la arte? ¡Perdida, desaparecida! Velaí téde-las formas dunha rapariga. ¿A que souben captar ben a color, a viveza da liña que parece limita-lo corpo? ¿Non é o mesmo fenómeno que nos presentan os obxectos que están na atmosfera como os peixes na auga? ¿Vedes como os contornos se destacan do fondo? ¿A que parece que lle podedes pasa-la man polo lombo? E isto conseguino porque pasei sete anos estudiando os efectos da adecuación entre os obxectos e a luz. Os cabelos, ¿están ou non inundados pola luz...? Pero ela respira, ¡paréceo...! ¿Vedes este peito? ¡Ah! ¿Quen non queredes axeonllarse ante ela e adoralas? A súa carne latexa. ¡Vaise erguer, agardade!

-¿Vostede ve algo? -preguntoulle Poussin a Porbus.

-Non. ¿E tí?

-Tampouco.

Os dous pintores deixaron ó vello na súa éxtase, miraron se a luz, que caía coma chumbo sobre a tea, non neutralizaba tódolos efectos. Entón examinaron o cadro poñéndose á dereita, á esquerda, de fronte, anicándose e levantándose arredor del.

-Si, si, claro que é un cadro -dicíalles Frenhofer, enganándose sobre a finalidade daquel escrupuloso exame-. ¿E logo? Velaí téde-lo bastidor, o cabaleta e velaquí as miñas cores e os meus pinceis.

Entón ripou un pincel que lles presentou cun inxenuo aceno.

-O vello lansquenete está a rir de nós -dixo Poussin, volvendo diante do pretendido cadro-. Eu non vexo máis que cores confusamente mesturados e contidos por unha chea de estrañas liñas que forman unha muralla de pintura.

-¿Estarémonos trabucando? Mira... -respondeu Porbus.

Ó se achegaren, puideron percibir, nun recuncho da tea, a punta dun pé espido que sobresaía naquel caos de cores, de tons, de matices indecisos, aquela especie de néboa sen forma; pero era un pé delicioso, ¡un pé con vida! Quedaron petrificados de admiración ante aquel fragmento escapado dunha increíble, dunha lenta e progresiva destrución. Aquel pé aparecía alí coma o torso dunha Venus marmórea de Paros emerxida de entre os cascallos dunha vila incendiada.

-¡Hai unha muller aí debaixo! -exclamou Porbus, facéndolle ver a Poussin as capas de cores que o vello pintor fora superpoñendo sucesivamente crendo que perfeccionaba a súa pintura.

-Os dous pintores volvéronse espontaneamente cara a Frenhofer, empezando a entender, aínda que vagamente, o enlevo no que este vivía.

-Ten boa fe -dixo Porbus.

-Si, meu amigo -respondeu o ancián, espertando-. Cómpre ter boa fe, fe na arte, e vivir durante moito tempo coa propia obra para producir unha creación semellante. Algunhas destas sombras ben traballo me custaron. Mirade, sobre a meixela, debaixo dos ollos, hai unha lixeira penumbra que se a observades na natureza, pareceravos intraducible. ¡Pois ben!, ¿credes que reproducir este efecto non me custou un sufrimento extraordinario? Agora, querido Porbus, observa con atención o meu traballo e comprenderás mellor o que che dicía sobre a maneira de trata-lo modelo e os contornos. Mira a luz do peito, e comproba cómo, cunha serie de toques e de resaltes fortes, cheguei a conseguila verdadeira luz e a combinala coa brancura reluciente dos tons claros; e cómo por un procedemento inverso, borrando as partes saíntes e o gran da pasta, puideron, a base de acaricia-lo contorno da miña figura, anegada na media tinta, suprimir ata a mesma

idea de deseño e de métodos artificiais, e darlle o aspecto e a plenitude da propia natureza. Aproximádevos, veredes mellor este traballo. De lonxe, case desaparece. ¿Vedes? Alí, creo que é ben notable.

E co extremo do seu pincel, sinaláballes ós dous pintores un borrón de color clara.

Porbus bateu no ombro do ancián, volvéndose cara a Poussin:

-¿Sabedes que vemos en vós un bo e gran pintor? -dixo.

-Aínda sodes máis poeta ca pintor -respondeu gravemente Poussin.

-Aí -seguiu Porbus beliscando a tea- remata a nosa arte na terra.

-E dende aí, pérdese nos ceos -dixo Poussin.

-¡Canto deleite nun anaco de tea! -exclamou Porbus.

O ancián, absorto, non os escoitaba, e sorríalle a aquela muller imaxinaria.

-Pero, antes ou despois, decatárase de que non hai nada na súa tea -exclamou Poussin.

-¿Que non hai nada na miña tea? -dixo Frenhofer, mirando a un e outro pintor e ó seu pretendido cadro.

-¡Que fixeches! -fungoulle Porbus a Poussin.

O ancián colleu con forza o brazo do mozo e díxolle:

-¡Ti que vas ver, pailán! ¡ruín!, ¡raposeiro!, ¡badoco! ¿Por que subiches aquí, logo?

"Meu querido Porbus -proseguiu volvéndose cara ó pintor-, ¿vós tamén facedes burla de min?, ¡respondédeme! ¡Son o voso amigo!, ¡dicídemel!, ¿acaso estraguei o meu cadro?

Porbus, indeciso, non acertaba a dicir nada; pero a ansiedade pintada sobre o pálido rostro do ancián era algo tan cruel que sinalou a tea dicindo:

-Pero vós mirade, ¿que vedes?

Frenhofer contemplou o cadro durante un momento e vacilou:

-¡Non vexo nada! ¡E traballei dez anos nela!

Tomou asento e botou a chorar.

-¡Son un imbécil, un tolo! ¡Logo, non teño nin talento nin capacidade! ¡Non son máis que un home rico que cando camiña non fai máis que camiñar! ¡Daquela, nada producín!

Contemplou a súa tea a través das bágoas; ergueuse de súpeto con orgullo e lanzou unha fulxente mirada sobre os dous pintores.

-¡Polo corpo, polo sangue, pola cabeza de Cristo, vós sodes un par de envexosos que queredes facerme crer que estraguei a miña tea para roubarma! ¡Véxoo ben! -berrou-. ¡E ela é marabillosamente fermosa!

Naquel momento, Poussin escoitou o pranto de Gillette, esquecida nun recuncho.

-¿Que tes, meu anxo? -preguntoulle o pintor, volvéndose subitamente amoroso.

-¡Mátame! -dixo ela-. Sería unha infame se seguise amándote, porque te desprezo. ¡Sinto admiración e horror por ti! ¡Ámote pero creo que xa estou empezando a odiarte!

Mentres Poussin escoitaba a Gillette, Frenhofer cubría a súa *Catarina* cunha tea de estameña verde, coa serenidade dun xoieiro que cerra os seus caixóns sabéndose en compañía de hábiles rateiros. Lanzou sobre os dous pintores unha mirada disimulada, chea de desprezo e de sospeita. Entón, sen pronunciar palabra, púxoos na porta do seu obradoiro, cunha presa convulsiva. E, xa no limiar da casa díxolles:

-Ata sempre, amiguiños.

Aquela despedida deixou fríos ós dous pintores.

Ó día seguinte, Porbus, preocupado, volveu á casa de Frenhofer, e soubo que morrera pola noite, despois de queimar tódolos seus cadros.

París, febreiro de 1832.